

# Fantasia/ Realidade


Con dobre sentido

MARÍA NAVARRO

Xunto a títulos como *Un bosque cheo de faías*, *O ceo dos afogados*, *Play-Back* ou *As palabras da néboa*, debe aparecer *Chamádeme Simbad*, unha novela que para lectores mozos escribe Francisco Castro e na que combina a fantasía do delirio coa crúa realidade de quen se sabe doente e percibe nos demais a incomodidade da carga.

Os protagonistas, Paulo, un rapaz de dez anos e o avó, aqueixado de Alzheimer, viven a súa particular aventura; tanto escapan das gadoupas dos filibusteiros coma sucun os mares do sur convertidos nos máis temibles piratas do Océano. Mentres papá e mamá, ensimesmados nos seus traballos, viven allexos a estas travesías e empregan o seu tempo en deseñar un futuro máis cómodo para non se sabe quen. Os días avanzan e con

eles parece que a situación se agrava, sobre todo, cando o avó decide marchar. Ao final, diríamos que a historia remata como comeza, mais cunha



diferenza fundamental que pasa pola análise de comportamentos, accións e reaccións de quen se considera dono da situación.

Trátase dun texto no que a ollada dun rapaz, máis duro de máis para a súa idade, tenta amosar que é nos detalles aparentemente máis insignificantes onde radica a importancia da nosa existencia, que estar todo o día traballando non é mais ca

un síntoma de debilidade emocional e que só valorando os sentimentos dos demais chegaremos á plena felicidade. Son un vello e un neno os que abren os ollos aos adultos que teñen na casa e por extensión os lectores percibirán que, ás veces, aínda que un queira realizar ben as cousas, a práctica indica que se está obrando rematadamente mal. Por iso, quizais, é conveniente reparar no delirio dos demais para adoitar unha actitude crítica ante a realidade e a vida.

Ficción e realidade entremestúranse no relato nun dobre sentido; por unha banda na particular aventura que manteñen avó e neto, por outra, no sentido figurado da palabra na alusión a unha situación novelada que pode ser perfectamente real. Que a literatura sirva para denunciar a realidade é bo, que os lectores se instrúan cunha novela, mellor!

CASTRO, Francisco, *Chamádeme Simbad*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 11,50 €